



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A ENTIDADE EDITORIAL COMPOSTELA, SA, PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DIVULGATIVAS E INFORMATIVAS RELACIONADAS CO DESENVOLVEMENTO DA PRODUCCIÓN AGROALIMENTARIA DE GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaría xeral técnica da Consellería do Medio Rural,

DECLARA:

Que esta secretaría xeral técnica ten previsto formalizar coa entidade Editorial Compostela, SA, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 2 de xaneiro de 2018 ata o 15 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto colaborar na realización de diversas accións divulgativas e informativas relacionadas con temas de desenvolvemento da produción agroalimentaria galega, mediante 1 suplemento de 2 páxinas con periodicidade trimestral (4 monográficos) e a celebración dun faladoiro en Correo-TV sobre produción agroalimentaria de Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Primeiro. Os medios de comunicación social son institucións esenciais para o proceso de formación da opinión pública e, polo tanto, para o correcto funcionamento das institucións democráticas. As liberdades consagradas polo artigo 20 da Constitución, como sostén o tribunal Constitucional no son só dereitos fundamentais de cada cidadán, senón que significan o recoñecemento e a garantía dunha institución pública fundamental como é a opinión pública libre, de tal maneira que para que o cidadán poida formar libremente as súas opinións e participar de xeito responsable nos asuntos públicos, ten que ser tamén informado amplamente de xeito que poida ponderar opinións diversas e incluso contrapostas.

Deste xeito, a información e comunicación difundida a través dos medios de comunicación social constitúe un instrumento esencial para o desenvolvemento pleno da persoa, tanto a nivel individual coma social.





Segundo.- Por outra banda os medios de comunicación social desempeñan un papel de intermediario natural entre a información e cantos non están en condicións de coñecela directamente, papel que se acrecenta con respecto a acontecementos que pola súa entidade poden afectar a todos e por elo acadan unha específica resonancia social.

Terceiro. A Consellería do Medio Rural pretende difundir a imaxe e os beneficios do consumo dos produtos de calidade do noso agro ao conxunto da poboación. Trátase de que á cidadanía teña coñecemento de que o consumo destes produtos afecta non só ao seu propio beneficio senón tamén ao noso sector primario e axuda á economía de todos os traballadores que o conforman.

A calidade dos nosos produtos está respaldada por cada unha das figuras de protección, as cales implican un proceso de produción, transformación e comercialización óptimo que proporciona ademais todas as garantías en materia de seguridade alimentaria. Galicia ten boa materia prima e precisamente iso é unha cualidade para conseguir que os nosos produtos acaden o estatus que lle corresponde dentro e fóra das nosas fronteiras.

A Consellería do Medio Rural e a entidade Editorial Compostela, SA, teñen como fin común neste convenio destacar os beneficios do consumo dos produtos de calidade do noso agro e a cadea de valor da produción agroalimentaria galega, desde o propio produtor ata o consumidor final, pasando pola elaboración, transformación e comercialización destes alimentos de calidade.

Neste senso, é de obrigado cumprimento difundir os beneficios e propiedades destes alimentos e todo o proceso que supón a súa correcta produción.

Cuarto. Que os medios de prensa escrita de Galicia, ademais de constituír, na súa área de influencia, o medio máis axeitado para dar a coñecer a produción agroalimentaria galega e posibilitar que os seus lectores teñan un coñecemento veraz e imparcial das accións que son de interese xeral, contribúen a facer efectivos a liberdade de expresión e o dereito de información, polo que se aprecia unha coincidencia de intereses entre estes medios de comunicación e os da Consellería de Medio Rural, o cal determina a posibilidade de colaboración das distintas partes para atender unha finalidade común.

Quinto.- Por outra banda, a entidade Editorial Compostela, SA, editorial do xornal o Correo Galego, ten unha ampla difusión e na súa liña de información en temas de actualidade quere participar e colaborar na elaboración, maquetación, publicación e divulgación de contidos relacionados co desenvolvemento da produción agroalimentaria galega, como instrumento de divulgación complementaria e de interese para os galegos e as galegas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Edificio Administrativo San Caetano,
15781 Santiago de Compostela
Teléfono 981 54 47 18
Fax: 981 54 47 62

galicia

Europeo e do Consello 2014/23/UE E 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

